



LAUDE
DA
CAMELIA

por
ALVARO
CUNQUEIRO

EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL
PONTEVEDRA



LAUDE
DA
CAMELIA

por
ALVARO
CUNQUEIRO

MAQUETA:

NEGOCIADO DE CULTURA DE LA
EXCMA. DIPUTACION PROVINCIAL

DIBUJO: Conde Corbal

IMPRIME: C. Peón - Plaza de Trucro, 1 - Pontevedra

Déposito Legal: PO 43 - 1981

Un día, hace por ahora un año, el noble y barroco salón de la Diputación Provincial se hizo un estuche de silencio para acoger, con fervor y admiración, la palabra del poeta...

Él dijo entonces lo que ahora, después de su muerte, el 28 de febrero pasado, vais a leer aquí reproducido. Es una joya de gracia encantada y de maravillosa erudición inigualable.

Por eso, la Corporación Provincial de Pontevedra ha querido rendir homenaje a su autor, al gran y querido e inolvidable ALVARO CUNQUEIRO en esta «fermosísima festa da camelia, froi das Rías Baixas e de Galicia enteira» con esta mínima publicación, dedicada con amor a su entrañable recuerdo.



Fdo.: Federico Cifuentes Pérez. -Presidente

Pontevedra, Marzo 1981

HOMENAJE A
ALVARO CUNQUEIRO




LAUDE DA CAMELIA

Veño hoxe aquí a facer o laude da camelia, esa frol que colorea os xardíns dos nosos invernos grises, cando todo é nos campos morte e desolación, aínda que no segredo da soterra se esteñan facendo, como quen soña, as froles todas da primavera e do verán. Nos días da gran morte da flora invernal, aparece a camelia vestida de luz, a máis fermosa visitante que teñamos recibido endexamáis no noso país. Tivemos fermosas raiñas que

nos viñeron de fora, a rosa, clausura primeira da harmonía, e fadas de cabelos de ouro que si cadra ainda moran segredas entre nós, vestidas de augas das fontes ou gardadoras de tesouros relucintes. Pro, como a que máis se afixera a nós, a vivir no país, e vindo de máis lonxe, ningunha como a camelia. Tan nosa se fixo, que é xa frol das Rias Baixas e de Galicia enteira. Hai pazos e hortos en terras abesías e esgrevias na Galicia interior, nas que a camelia, que é luz, ábrese a luz, como unha lámpara que acenderan anxos invisibles. Cando no Xapón pintaron ese volume que se chama «O libro das mil camelias», que son xustamente mil as que ali veñen pintadas, os autores souperon que tiñan pintado o eterno invisible. E por eso, e seguindo un texto de Margaret Bradley Dikes —que debo a xentileza dese amator das camelias que é

Antonio Odriozola — e que se refire ao efecto psicoloxico das camelias, sabemos que a súa contemplación pode formar parte dunha meditación parella daquelas que na nosa cultura occidental pode suscitar o UBI SUNT ou o CARPE DIEM. ¿Onde van as neves de antano? «Los infantes de Aragón, que se hicieron? E tamén, o aproveita esta hora de mocidade e alegría, — a alegría é moza e fuxitiva — que trala porta esta xa a vellice e maila morte. Como en poemas de Ronsard ou de Yeats:

Cando xa señas vella, e gris
e chea de sono,
e a carón da lareira toquees
soña como moitos amaron
a tua gracia leda
que xa se foi, nun murmurio das estrelas...



E entón, a camelia cae; xa sabedes que cae desprendéndose enteira da ponliña en que naceu, e camelias sin desfollarse cobren o chan arredor do arbore. Lafcadio Hearn espicounos nun dos seus fermosos libros sobre o Xapón, que os poetas de acolá inventaron unha palabra que imita o leve e sombrío son que fan as camelias cando caen ao chan. Na patética da poesía xaponesa, ese ruído foi agrandado até comparalo ao que fai a cabeza do decapitado, ao caer cortada polo verdugo. Por eso, a morte cruel de herois de mala fortuna, esta dita nun verso como camelia arrincada do arbore por súpeta tempestade. A imaxe é a mesma daquel himno medieval en loor dos Santos Inocentes que o poeta Charles Peguy escoitaba na Catedral de Orleans, onde súa nai empallaba sillar:

CEU TURNO NASCENTES ROSAS...

Como a tempestade as nascentes rosas, así foron arrincadas da vida os inocentes... Pro tamén en Hearn lése que a primeira camelia foi a branca. Nunha habitacion, nunha casa, habia nun vaso unhas camelias brancas, entrou un Samurai, canso e cuberto co pó da guerra, e desnudouse pra bañarse nunha gran tina de bronce. As camelias brancas, ao ver ao mozo nu, ruborizaronse, unhas mais que outras, e así naceron as primeiras camelias coloradas. Pode e debe sere verdade. Tamén se conta que cáseque ningunha camelia ten cheiro, que en lonxanos tempos o tiñan, pra que un exiliado que retorna a sua aldea poida recoñecer, polo cheiro, a sua casa, escondida baixo as ponlas das camelias, que cobren os tellados. Un exiliado cego. Outros din que un emperador mandou que non cheirasen as camelias, porque o seu

cheiro lle recordaba a unha muller mui amada, morta na mocidade. E as camelias obedeceron ao mikado. E ao chegar compre lembrar que as sorrisas das mulleres fermosas son comparadas a camelias brancas, cado entre nós Ronsard e Rilke compararonas con rosas roxas. ¡Misterios das poéticas!. Leonardo da Vinci comparaba a sorrisa das mulleres fermosas coa auga dos rios, nos remansos.

Non sei si os eruditos saben cal foi o dia no que dona Camelia, a primeira camelia, chegou a nosa terra, coma unha Virxe peleriña das froles. Gustariame saber que foi o dia tantos de tal mes de tal año despois da creacion do mundo. No seculo XVII dous teólogos ingleses, o arcebispo Usher e o sabio Lightfoot, calcularon que Deus tiña creado o mundo no outono do ano 4004 denantes de Cristo. Todos coidariamos que foi en primavera, pro foi en outono, e quizaves pra que a

primeira frol que viramos, os hiperboreos, cando nos campos trunfan as neves, fose a camelia. En fin, como no allegro dunha pavana, chegou onda nós, a topouse a gosto, e ficou aqui para sempre. Xa é de nos tanto como do Xapon. Xa é de Rosalia tanto como de Basho. Tanto é dos nosos hortos e xardins como dos do emperador do Xapón. Xa é tan de nós, que as veces, escribindo de xardins medievaes, esta un tentado de decir que Alfonso XI e a Ribeirinha, ou Paolo e Francesca, se amaban a sombra dunha camelia. Ou que estaba pousada nunha camelia a paxarina da cantiga CIII de Santa Maria que tan ben estudou o mestre Filgueira Valverde, e que cantou perante 300. anos, como soen os paxaros do Paraiso Terrenal. E un imaxina aos trovadores nos con camelias na man, decindo do amor. O outro dia, Odriozola agasalloume cunha roxa, no corazon un torre de ouro, e dixome que a esa camelia



Ile deran o nome del Rei don Diniz, o trovador. Era como o sombreiro da boa fortuna del Rei, cando chegado maio, e vista a frol do pino, mandaba que lle ensillasen o baionciño, e guisasen de andar. Cun sombreiro semellante a unha camelia saia á primavera do mundo...

Si eu fose mozo e tivese un algo de imaxinacion, podería agora defender a tesis de que a camelia pertence ao orde románico, ou si queredes ao barroco. En delambos casos, a idea galega dun xardin.

E porque coido que todos estamos contextes, veleiqui esta fermosísima festa da camelia, frol das Rias Baixas e da Galicia enteira, e das terras miñotas dos lusitanos. Neve cando ela quere, sangue cando ela quere, quizaves nela escondese unha princesa encantada que nos veu de mui lonxe, pra que os galegos poidamos vivir nas neboas e nas albas grises como si camiñáramos cunha luz na man.

Alvaro Cunqueiro

LOS LIBROS DE ALVARO CUNQUEIRO

Sin mas finalidad que dar a conocer la admirable obra de Cunqueiro, he puesto al día esta relación de libros, ya publicada anteriormente. No es facil clasificar su variada obra en secciones que correspondan a géneros literarios, pero he establecido convencionalmente cinco grupos, uno para poesía y teatro, otro para narración en sentido estricto, otro para diversas prosas, un cuarto para los libros sobre Galicia, sus tierras y sus gentes y uno final para las obras completas e ineditas. Solo recojo libros o folletos independientes, pero no trabajos en revistas (o sus separatas), introducciones o colaboraciones en obras ajenas, hojx sueltas, textos para calendarios etc.

La lista tiene fundamentalmente un interés práctico, señalar las ediciones de Cunqueiro que, en muchos casos, aun pueden adquirirse en las librerías, sin perjuicio de aspirar, con cierto rigor erudito, a la bibliografía completa. Solo reseño y doy número a una edición de cada obra (la mas reciente), pero va señalada en cada caso la mas antigua edición, colocandola entre paréntesis despues del título. Si a los 54 números sumamos las restantes ediciones, llegaríamos a un total de 80. Los números 1 a 5, 7-8, 10, 12, 39, 41, 43, 45-49 y 51 estan en gallego, los restantes en castellano.

ANTONIO ODRIOZOLA

I POESIA Y TEATRO

1. **Mar ao Norde.** Santiago 1932. Eds. Nos.
2. **Somas de caridades** (e unha carta a Luis Seoane por S. Montero Diaz). A Coruña 1977. Imp. Moret.
3. **Poemas de si e nón.** Lugo 1933. Eds. Un.
4. **Cantiga nova que se chama riveira** (Santiago 1933). 2.^a ed. Vigo 1957. Eds. Monterrey.
5. **Dona de corpo delgado.** Pontevedra 1950. Col Benito Soto.
6. **Elegias y Canciones.** Barcelona 1940. Ed. Apolo.
7. **Don Hamlet e tres pezas mais.** (Vigo 1958). 2.^a ed. Vigo 1974. Ed. Galaxia. Vease tambien el N.^o 46.

II NARRACION

8. **Merlin e familia e outras historias** (Vigo 1955). 4.^a ed. Vigo 1981. Ed. Galaxia.
9. **Merlin y familia.** (Barcelona 1957). 3.^a ed. Barcelona 1973. Eds. Destino.
10. **As crónicas do Sochantre** (Vigo 1956). 2.^a ed. Vigo 1980. Ed. Galaxia.
11. **Las Crónicas del Sochantre.** (Barcelona 1959). 4.^a ed. Barcelona 1977. Eds. Destino.
12. **Si o vello Simbad volvese as illas.** (Vigo 1961). 2.^a ed. Vigo 1980. Ed. Galaxia.
13. **Cuando el viejo Simbad vuelva a las islas.** (Barcelona 1962). 2.^a ed. Barcelona 1971. Eds. Destino.
14. **Las mocedades de Ulises.** (Barcelona 1960). 2.^a ed. Barcelona 1970. Eds. Destino.
15. **Un hombre que se parecia a Orestes.** (Barcelona 1969). Numerosas reediciones en Barcelona. Eds. Destino.
16. **Vida y fugas de Fanto Fantini.** Barcelona 1972. Eds. Destino.
17. **El año del cometa con la batalla de los cuatro Reyes.** Barcelona 1974. Eds. Destino.

III OTRAS HISTORIAS

18. **Balada de las damas del tiempo pasado.** (Madrid 1945). Madrid 1976. Círculo de Amigos de la Historia.
19. (con el seudónimo Alvaro Labrada). **San Gonzalo.** Madrid 1945. Editora Nacional.
20. **El caballero, la muerte y el diablo y otras dos o tres historias.** Madrid 1965. Eds. El Grifón.
21. **Flores del año mil y pico de ave.** Barcelona 1968. Ed. Taber.
22. **La Cocina Cristiana de Occidente.** Barcelona 1969. Ed. Taber.
23. **Tertulia de boticas prodigiosas y Escuela de curanderos.** Barcelona 1976. Eds. Destino.
24. **Tertulia de boticas prodigiosas.** Ed. de lujo, en folio, con ilustraciones. Barcelona 1976. Eds. Destino.
- s.n. **Historia del Angel Adriél.** (Vigo) 1980. Ed. privada. Col. Jordán. Faro de Vigo.
25. **Laude de Virgenes románicas.** Barcelona 1979. Ed. privada.
26. **El envés.** Barcelona 1969. Ed. Taber.
27. **Laberinto y Compañía.** Barcelona 1970. Ed. Taber.
28. **El descanso del camellero.** Barcelona 1970. Ed. Taber.

IV TIERRAS, GUIOS Y GENTES GALLEGAS.

29. **Vigo, puerta del Atlántico.** Vigo s.a. (1957). Comisión de Fiestas del Ayuntamiento de Vigo.
30. **Rutas turísticas de España. Ruta N.º 12 (La Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra, Santiago).** (Madrid 1962). 2.ª ed. Madrid. 1967. Pubs. Españolas.
31. **Itinerarios turístico-gastronómicos de la provincia de Pontevedra.** (con G. Masso, Pesca y conservas). Vigo 1964. Talleres Faro de Vigo.
32. **El camino de Santiago.** Vigo 1965. Talleres Faro de Vigo. También ediciones con texto en francés y en inglés.
33. **Lugo** (León 1968). 4.ª ed. León 1977. Ed. Everest. También ediciones con texto en francés y en inglés.

34. **Pontevedra y Rías Bajas.** (Leon 1969). 4.ª ed. Leon 1978. Ed. Everest.
35. **Vigo y su Ría** (Leon 1971). 2.ª ed. Leon 1977. Ed. Everest.
36. **Rías Bajas Gallegas.** (Leon 1975). 2.ª ed. Leon 1979. Ed. Everest.
37. (en colaboración con J. M. Castroviejo). **Teatro venatorio y coquinaro galego.** Vigo 1958. Eds. Monterrey.
38. (La misma obra con el título:) **Viaje por los montes y chimeneas de Galicia. Caza y cocina gallegas.** (Madrid 1962). 3.ª ed. Madrid 1978. Espasa Calpe. (Col. Austral N.º 1.318).
39. **A cociña galega.** (Vigo 1973). 3.ª ed. Vigo 1980. Ed. Galaxia.
40. **Cocina gallega.** Leon 1981. Ed. Everest. (En prensa).
41. **Escola de menciñeiros e Fábula de Varia xente.** (Vigo 1960). 3.ª ed. Vigo 1976. Ed. Galaxia.
Vease también el N.º 23.
42. **Tesouros novos e vellos.** (Vigo 1964). 2.ª ed. Vigo 1980. Ed. Galaxia.
43. **Xente de aquí e de acolá.** (Vigo 1971). 2.ª ed. Vigo 1979. Ed. Galaxia.
44. **La otra gente.** Barcelona 1975. Eds. Destino.
45. **Os outros feirantes.** (Vigo 1979). 2.ª ed. Vigo 1981. Ed. Galaxia.

V OBRAS COMPLETAS Y OBRAS INEDITAS

46. **Obra en galego completa. Vol. I. Poesía. Teatro.** Vigo 1980. Ed. Galaxia.
47. **Id. Vol II. Narrativa.** Vigo 1981. Ed. Galaxia. (En prensa).
48. **Id. Vol III. Semblanzas.** (En preparación).
49. **Id. Vol. IV. Textos de ensaio.** (En preparación).
50. **Diccionario de ángeles.** (Inedito).
51. **A taberna de Galiana.** (Inedito).
52. **Ceniza en la manga de un viejo.** (Inedito).
53. **Los ríos invisibles.** (Inedito).

Principales Sociedades de la Camelia

AMERICAN CAMELLIA SOCIETY (desde 1948).

P. O. Box 212 Fort Valley, Georgia 13030 U. S. A.

Cuota y publicaciones anuales: 10 dólares (con Lista de socios 11 dólares); 4 *The Camellia Journal* y 1 *The American Camellia Yearbook*.

THE INTERNATIONAL CAMELLIA SOCIETY (desde 1962).

8 Hanover Street, Epping, N. S. W. 2121 Australia.

C. p. a.: dólares 4.50 1 o 2 *The International Camellia Journal*.

SOCIETA ITALIANA DELLA CAMELIA (desde 1965).

Cannero Riviera, (Lago Maggiore) 28051 Italia.

C. p. a.: 5.000 liras; 4 *Notiziario della Societa Italiana della Camelia*.

Publicaciones sobre camelias editadas por la Diputación de Pontevedra

1. Antonio Odriozola. *Catálogo de la Exposición bibliográfica y bibliografía sobre la camelia*. Pontevedra 1968. 16 págs.
2. Antonio Odriozola. *La camelia y sus exposiciones en las Rías Bajas (1965-1970)* (Contiene también textos de Alvaro Cunqueiro y Tankas japonesas en gallego). Pontevedra 1971. 24 págs.
3. *Camelias en Pontevedra* (Textos de Antonio Odriozola Alfredo Navarro Payá y Anrakuan Sakuden en versión gallega de Alvaro Cunqueiro) Pontevedra 1974. 48 págs.
4. Robert Gimson. *La camelia reticulata en Galicia*. Pontevedra 1975. 16 págs. también se editó con texto en inglés.
5. Robert Gimson. *La historia de Tarokaja y Uraku*. Pontevedra 1976. 12 págs. también se editó con texto en inglés.
6. Antonio Odriozola. *La camelia en Galicia*. (Contiene también texto de A. Navarro Payá). Pontevedra 1977. 20 págs.
7. Robert Gimson. *Oranda-Ko, el Matusalen de las camelias*. Pontevedra 1978. 14 págs.
8. Antonio Odriozola, Miguel Noriega Nimbro y Alfredo Navarro Payá. *La camelia. Variedades y cultivo. Filatelia*. Pontevedra 1980. 40 págs.
9. Alvaro Cunqueiro. *Laude da Camelia*. Pontevedra 1981. 20 págs.



EDITA. COMISION DE CULTURA
DE LA EXCMA. DIPUTACION
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

